

INSTRUCCIÓN III/2020 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA POLA QUE SE REGULA A DOTACIÓN DE VESTIARIO PROFESIONAL AO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS QUE TEN A CATEGORÍA DE CONDUTOR E PARA O PERSOAL DE ACTOS OFICIAIS

A disposición adicional quinta do vixente Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, a Universidade proporcionaralles anualmente aos/ás traballadores/as as pezas de roupa necesarias para o desenvolvemento das súas funcións. A subministración de vestiario implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade, e unha vez negociado co Comité Intercentros, o xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 20 de xuño de 2018 (DOG do 29 de xuño de 2018, dispón:

1. SOLICITUDE DE PRENDAS DE TRABALLO

O impreso de solicitude de prendas de traballo correspondentes ao ano 2020, cubrirase e presentarse persoalmente no Servizo de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6, Santiago de Compostela) e na Vicexerencia do Campus de Lugo (Servizos Centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).

Os traballadores con dereito ao vestiario que se relaciona no anexo a esta instrución son os que prestan servizos en actos oficiais e os que teñen a categoría de condutor.

2. PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de solicitude será dende o 13 de abril ata o 17 de xullo do ano 2020 en horario de 9 a 14.

3. PROCEDEMENTO

3.1 Ao/Á traballador/a entregaráselle un resgardo selado polo Servizo de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia do Campus de Lugo no momento en que presente a solicitude.

3.2 Os/As traballadores/as deberán acudir co resgardo á empresa **M^a de las Mercedes Buján Liñares, Fonte de Santo Antonio, nº 6. 15702 - Santiago de Compostela**, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado.

3.3 O/A traballador/a entregaralle o resgardo asinado á empresa concesionaria única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas. A perda ou entrega indebida do resgardo, quedará baixo a responsabilidade total do/da traballador/a solicitante.

3.4 No caso das gravatas seguirase o mesmo procedemento, pero o/a traballador/a terá que ir a UNITENDA para recoller as prendas e entregar o resgardo.

4. OBRIGA DE USO DA ROUPA DE TRABALLO

A subministración de vestiario de traballo implica o seu uso obrigatorio durante a xornada de traballo.

5. FACTURACION DA EMPRESA CONCESIONARIA

A empresa concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgardos que deben estar debidamente asinados polos/as traballadores/as e co selo do Servizo de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrución estarase ao disposto na xa mencionada disposición adicional quinta do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela,

O xerente

Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

ANEXO Á INSTRUCIÓN DE ROUPA DE TRABALLO

ROUPA TRABALLO 2020 CONDUTORES E PERSOAL DE ACTOS OFICIAIS		
CATEGORÍA	Nº prendas	ROUPA DE TRABALLO

Condutores	1	funda
	1	gabardina ou abrigo
	2	traxes
	4	camisas
	2	pares de carpíns
	2	pares de zapatos

Persoal actos oficiais (Cada 2 anos)	1	traxe
	2	camisas
		1 gravata

Ás persoas xubiladas parcialmente de forma anticipada daráselles a roupa de traballo cada 3 anos.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 14/02/2020 12:54:04.

CSV: 8DEF-12B9-4233-9533